


Colectión
CONTOS DE SEMPRE
(Tradición oral)

A



da



Asociación cultural AIRA DAS MANTAS
MACEDA DE LIMIA
OURENSE

Morales



A moa da vaca

Recollido por

Luis Del Campo Prol

e

ilustrado por

Maxlimao

Naquil tempo, no que a luz do candil alumbeaba as longas noites de inverno, a imaxinación das xentes producía fermosas historias que logo se plasmaban ao longo do ano nas foliadas, mallas, fiadeiros e, como non, no entroido.

Esta é a historia dun Reinado que din que aconteceu aló polos anos 40, na época do entroido, entre o pobo de Santirso e Xinzo da Costa.

Un día calquera, na taberna do Sr. César de Santirso, acordaron os mozos xuntar o Reinado para



conquistar Xinzo da Costa. A eso da media mañán arengaron o pobo para que se preparara.

Mozos e mozas, novos e vellos, dous felos diante, o Sr. César a caballo vestido de sacamoas, logo detrás, un exército con escopetas de coñas vellas, mecos e farrumecos, madamas e toda sorte de personaxes imaxinarios.

O Sr. Severo, home de predicamento, ó sentir tal algarabía achegándose ó pobo, convoca o concello e, ás cosas, truncan o camiño cun sedenho poñendo unha mesa, unha cadeira e




por riba un potico con cinsa, o macico do liño, a molida dunha vaca e un feixe de papeis.

- A QUE VINDES?, pregunta o Sr. Severo cando chega a comitiva ó outro lado do sedenho.

- A CONQUISTAR ISTE POBO!!, responde o Sr. César dende o alto do cabalo.

- CON QUE DEREITO!!, di o Sr. Severo.

- CO QUE ME OTORGAN ISTES PAPEIS!!



- AÍ TEDES!!, di o Sr. César.

O Sr. Severo colle os papeis e logo de botarlles unha ollada asinte coa cabeza e metendo o macico no portico da cinsa sélaos e di:

- PODEDES PASAR!!

Entre unha grande algarabía, conquistadores e conquistados, diríxense ata un souto cha no medio do pobo e alí subido a unha vella caracocho, empeza a berrar:

- SE HAI ALGUIÉN QUE
LLE DOA UNA MUELA,
TRABAJO BIEN Y BARATO



SEÑORES!!, predicaba o Sr. César a toda a concurrencia.

E entre a multitude óense, cada vez con máis insistencia, uns laídos:

- AI, AI, AI, AI, AIIII que dolor, esta moa está mataaaaándomeeee!!, di o Sr. Severo.

- Pase vostede para eiquí, dille o Sr. César.

O Sr. Severo séntase e o Sr. César ponse detrás, entón ábrelle a boca e sacando unha grande tenaza de ferrar as bestas ponlla na boca e turra que turra....!!!



- Ai, ai, ai!!., laiábase o Sr. Severo.

Logo, o Sr. César saca unha moa de unha vaca -que levaba acochada no bolsillo da bata- e ensinándolla, coa man ben erquida, berra:

- EIQWÍ ESTAAAAAAAÁ!!!

- MÁIS PARECE A MOA
DUN LOBO CA DUN
HOME!!!

- JA, JA, JA, JA, JA, JA,
JA, JA, JA, JA!!!!!!

Todas as xentes rían a escachar,

*,pois ó Sr. Severo, de mal nombre,
chamábanlle O Lobo.*

Bailes e pandeiros e o pobo conquistado a pór o viño, o pan, os chourizos... e celebrar unha das festas máis importantes do ano: O noso Entroido cunha das súas facetas, Os Reinados!!!, hoxe perdida, pero non esquecida.



Outros títulos editados da Colección:

“A CEGOÑA E A RAPOSA” (2009)

“O CANE E A RAPOSA” (2010)

“O GALO DA DERENA” (2011)

“GRAN DE MILLO” (2012)

“A FABA” (2013)

“A MANTEIGA” (2015)

“O FELO CANSO” (2016)

Letras Galegas

2017

Ao longo dos anos se foron transmitindo estes contos ao tempo que localizando nos lugares onde se contaban e, con pequenas variantes, se atopan espallados por terras galegas e portuguesas.

Estes contos son unha parte da nosa tradición oral, herdanza dos nosos devanceiros, e para que non se perdan, na Asociación Cultural Aira das Mantas, queremos dalos a coñecer aos nosos nenos e nenas para que nun futuro se convertan en transmisores destes.

